



1.- VI Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Lembramos que está aberta a convocatoria da **VI Incubadora de Sondaxes e Experimentos** para proxectos de Estatística e Investigación de Operacións realizados por estudantes de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de inscrición no concurso é do 1 ao 17 de abril de 2016.

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es.

2.- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)

Durante os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo celebraremos en Santiago de Compostela o **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, organizado conxuntamente pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE).

Envía a túa **comunicación** [AQUÍ](#) **antes do 30 de marzo** para presentala no congreso como comunicación oral ou póster. A decisión sobre a aceptación comunicarse antes do 20 de abril. Para os autores que precisen coñecer antes a decisión, habilitouse a avaliación rápida: todas as comunicacións recibidas antes do 29 de febreiro serán avaliadas antes do 15 de marzo.

Os traballos presentados no congreso poderán optar a ser publicados nun número especial de **Spatial Statistics** (Spatio-temporal Statistical Methods in Environmental and Biometrical Problems) ou nun número especial de **Biometrical Journal** (Joint Modelling and Beyond).

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

3.- XXXVI Congreso da SEIO

O **XXXVI Congreso Nacional de Estadística e Investigación Operativa** e das **X Jornadas de Estadística Pública** terá lugar en Toledo, do 5 ao 7 de setembro de 2016.

Este congreso ten como obxectivo proporcionar un foro para que académicos, investigadores e profesionais da Estatística e da Investigación de Operacións poidan intercambiar ideas e experiencias en todos os ámbitos das dúas disciplinas. O Comité Organizador convida a todos aqueles vinculados coa Estatística, a Investigación Operativa e a Estadística Pública, tanto do mundo académico como da administración pública e a empresa, a participar nestas reunións achegando os seus resultados máis recentes, de xeito que

podamos contribuír a poñer de relevo o bo momento destas disciplinas en España e mostrar a importancia das mesmas para o progreso da sociedade do século XXI.

Datas importantes:

- Inscripción con tarifa súper reducida: do 18 de xaneiro ao 1 de maio de 2016.
- Inscripción con tarifa reducida: do 2 de maio ao 1 de xullo de 2016.
- Inscripción con tarifa normal: do 2 de xullo ao 7 de setembro de 2016.
- Envío de traballos: do 22 de xaneiro ao 1 de abril de 2016.

Máis información: <http://seio2016.com/es/>

4.- 4th International Workshop on Functional and Operational Statistics

The **Fourth International Workshop on Functional and Operational Statistics (IWFOs 2017)** will be held in A Coruña, SPAIN, from 15th to 17th June 2017.

The treated topics (Functional Data Analysis and Operator-based Statistics) and the format (5 sessions in 2.5 days) of this workshop will follow the ones of the previous successful three editions held in Toulouse-France (2008), Santander-Spain (2011) and Stresa-Italy (2014). The scientific program will include invited talks, contributed talks and contributed posters.

Invited speakers (confirmed):

- John ASTON (University of Cambridge, United Kingdom).
- Alexander AUE (University of California, Davis, USA).
- Antonio CUEVAS (Universidad Autónoma de Madrid, Spain).
- Aurore DELAIGLE (University of Melbourne, Australia).
- Jeff GOLDSMITH (Columbia University, USA).
- Stephan HUCKEMANN (Institut für Mathematische Stochastik, Göttingen, Germany).
- Victor PANARETOS (École Polytechnique Fédérale de Lausanne, Switzerland).
- Beatriz PATEIRO (Universidad de Santiago de Compostela, Spain).
- Laura SANGALLI (Politecnico di Milano, Italy).

Further information: <http://iwfos2017.udc.es/>

5.- Curso online de comunicación estatística

O *Instituto Nacional de Estadística* organiza un curso online de **comunicación estatística orientada aos usuarios**. Este curso está dirixido aos profesionais das Administracións Públicas Españolas con intereses na difusión e comunicación de datos estatísticos oficiais.

O curso consta de dous módulos:

- Módulo I: Estratexias e instrumentos adecuados para unha comunicación orientada aos usuarios.
- Módulo II: Como construír mensaxes eficaces e produtos atractivos con datos estatísticos oficiais.

Datas:

- Inscripción: do 15 de febreiro ao 9 de marzo de 2016.
- Docencia: do 31 de marzo ao 18 de abril de 2016.

Máis información: http://www.ine.es/ine/eeaapp/sem12015cur_online03.pdf

6.- Cursos do Servei d'Estadística Aplicada da UAB

O *Servei d'Estadística Aplicada* da *Universitat Autònoma de Barcelona* organiza o seguinte curso:

- Cómo crear aplicacións con Shiny: 7, 8 e 9 de marzo de 2016, de 9:30 a 13:00 horas.

Máis información: [Curso1](#)

- Curso de programación con SAS®: Sintaxis avanzada: 29, 30, 31 de marzo e 1 de abril de 2016 de 9:30 a 13:30 horas.

Máis información: [Curso2](#)

- Curso de Modelización Estadística Básica con R mediante RStudio: 4, 5 e 6 de abril de 2016 de 9:30 a 13:30 horas.

Máis información: [Curso3](#)

7.- Matemáticas na Raia 2016

AGAPEMA e a APM (Asociación do Profesorado de Matemáticas de Portugal) convocan a segunda edición da actividade "Matemáticas na Raia", concurso de resolución de problemas dirixido ao alumnado de 3º de ESO (9º ano en Portugal). A característica principal desta actividade consiste no fomento do traballo colaborativo, pois os equipos son grupos - clase completos.

A proba terá lugar o día 13 de abril e as inscricións están abertas ata o día 15 de marzo.

Máis información: <http://www.agapema.org/?q=node/362>

8.- Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento (2016)

Está aberta a convocatoria da IX edición dos **Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento** (2016). Estes Premios queren recoñecer e incentivar a investigación e creación cultural de excelencia, en especial aquelas contribucións de amplo impacto pola súa

orixinalidade e significado teórico. A denominación destes premios quere significar tanto o traballo de investigación capaz de ampliar o ámbito do coñecemento -desprazando cara a diante a fronteira do coñecido-, canto o encontro e solapamento entre áreas disciplinares.

Categorías:

- Ciencias Básicas (Física, Química, **Matemáticas**)
- Biomedicina
- Ecoloxía e Bioloxía da Conservación
- Cambio Climático
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- Economía, Finanzas e Xestión de Empresas
- Cooperación ao Desenvolvemento
- Música Contemporánea

Presentación de solicitudes: ata o 30 de xuño de 2016.

Máis información: [Bases](#)

9.- Axudas á investigación científica da Fundación Banco Sabadell

A Fundación Banco Sabadell convoca dez **axudas á investigación científica** para aspirantes predoutorais de nacionalidade española, que estean en proceso de realización da tese doutoral en calquera universidade española ou estranxeira, destinadas á promoción e ao desenvolvemento de traballos científicos ou estadías en universidades ou outros centros de investigación españois ou estranxeiros, preferentemente en campos do coñecemento económico, empresarial e social.

A contía individual das axudas é de 6.000 euros, importe que pode variar en atención ao presuposto e ás circunstancias de cada proposta.

Presentación de solicitudes: ata o 1 de marzo de 2016.

Máis información: [Bases](#)

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>